

A PASO DE TARTARUGA

Adaptación de **BONIFACE OFOGO**

Ilustracións de **REBECA LUCIANI**

Traducción de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartoné. 26,5 x 21 cm. 40 páx. 16 €

[A paso de tartaruga](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-108-6. Álbum ilustrado. Os contos do trasno.

[A paso de tortuga](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-109-3. Álbum ilustrado. Cuentos tradicionales.

[A pas de tortuga](#) (català)


ISBN 978-84-18558-27-6. Álbum il·lustrat. Contes tradicionals.

No principio dos tempos, os animais vivían xunto cos humanos, na mesma aldea. Era habitual ver anciáns que falaban con elefantes ou un neno que paseaba cun hipopótamo...

Despois de «O león Kandinga» (Premio Fundación CJ 2009 en Corea, mención do Premio Città di Bella 2011 en Italia e recomendación de lectura no Premio FNLIJ 2011 de Brasil), o autor e narrador oral Boniface Ofogo adapta outro relato da milenaria tradición africana. «A paso de tartaruga» é unha fábula protagonizada pola criatura máis lonxeva e sabia, paciente e perseverante; un relato sobre como acadou a salvación de toda a fauna. Porque nin a veloz e astuta lebre, nin o grande e imponente elefante, nin tampouco o rinoceronte, nin o chimpancé, nin a xirafa... foron capaces de transmitir a fórmula da supervivencia que, curiosamente, procedía da boa, unha criatura que -na cultura occidental- asóciase co perigo, coa cruidade e coa morte.

Ademais de derrubar certos prexuízos, este conto tradicional adaptado tamén pon o foco na supremacía que os humanos exercemos dende tempo inmemorial sobre os demais habitantes do planeta, rompendo o equilibrio e a harmonía entre especies. Unha historia cun ritmo narrativo ágil, cuxa intensidade baséase nas estruturas dialogadas, nos hábiles xiros argumentais e na repetición de accións que remiten ás fontes da oralidade.

As ilustracións de Rebeca Luciani transpórtannos a escenarios diversos: intensos cando remiten a tempos felices e escuros na adversidade, cunha paleta exuberante onde as formas e as cores combinan a figuración e a experimentación.



■ **Temática:** conto tradicional africano.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** relato de tradición oral; conflito entre humanos e equilibrio con outras especies; supervivencia; sabedoria, paciencia.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-paso-de-tartaruga-g>

Boniface Ofogo

(Omassa, Camerún, 1966)

Naceu e criouse nunha aldea do interior de Camerún. Chegou a España en 1988 para estudar Filoxaría Hispánica e en 1992 comezou a traballar como narrador. Foi mediador intercultural no Concello de Madrid; dende 2005 dedícase en exclusiva a percorrer colexiós, bibliotecas e centros sociais relatando historias. É especialista en fábulas, lendas, mitos e tradicións da África negra, entre os que destaca «[Oleón Kandinga](#)» (KALANDRAKA). Ten actuado por toda España (Maratón de Contos de Guadalaxara, Fórum das Culturas de Barcelona, Festivais de Oralidade de Xaca e Elx) e numerosos países: Francia, México, Cuba, Brasil, Costa Rica, Colombia, Arxentina, Cabo Verde, Marrocos...

<http://boniofogo.com>

<https://kalandraka.tv/gl/videos/o-leon-kandinga/>

Rebeca Luciani

(A Prata, Arxentina, 1976)

Licenciada en Artes Plásticas pola Facultade de Belas Artes de Barcelona. Dende hai vinte anos traballa ilustrando libros para editoriais de varios países. Tamén é docente e imparte obradoiros de ilustración en Barcelona, São Paulo, Santiago de Chile e Buenos Aires. A súa obra foi incluída na lista The White Ravens. Recibiu os premios Serra d'Or, Açorianos e Junceda. En KALANDRAKA ten publicado «[O sorriso de Daniela](#)», «[Animales que hacen cosas en silencio](#)», «[Las alas del AVEdedario](#)» e «[Kashtanka](#)».

<http://www.rebecaluciani.es>

